



**territorios da entropía**

**XOVES 22 FEBREIRO 2024**

Auditorio de Galicia, 20:30 h

**REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA**

**Sebastian Zinca**, director

**Judith Jáuregui**, piano

**CONVERSANDO CON...**

Sebastian Zinca

Sala Mozart, 19.45 h

f i a n d o   h i s t o r i a s

**MIGRACIONES**

## PROGRAMA

I

### INÉS BADALO (1989)

Entropía

### MANUEL DE FALLA (1876-1946)

Noches en los jardines de España (orq. Bética)

*En el Generalife*

*Danza lejana*

*En los jardines de la Sierra de Córdoba*

II

### JUAN CRISÓSTOMO ARRIAGA (1806-1826)

Sinfonía en Re

*Adagio-Allegro vivace*

*Andante*

*Menuetto: Allegro*

*Allegro con moto*

---

Duración aproximada do concerto: 90 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxo, etc.

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico; Sebastian Zinca o seu director asistente e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

## DIRECTOR

Sebastian Zinca

## PIANO

Judith Jáuregui

## VIOLÍNS I

James Dahlgren  
(concertino)

Adriana Winkler  
(axuda de concertino)

Anca Smeu \*\*

Anna Alexandrova

Daniel Kordubaylo

Ildiko Oltai

Victoria Jurov

Michal Ryczel

## VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*

Nikolay Velikov \*\*

Helena Sengelow

Elina Viksne

Samira Ajkic

Enrique Roca

Kiyoko Ohashi

Irina Gruia

## VIOLAS

Ionela Ciobotaru \*\*

Anne Schlossmacher

Iriana Fernández

Timur Sadykov

Oxana Bakulina

## VIOLONCELLOS

Plamen Velev \*

Carlos García

Millán Abeledo

Manuel Lorenzo

Thomas Piel

## CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*

Alfonso Morán \*\*

Amador Del Pozo

## FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*

Luis Soto

## ÓBOES

Christina Dominik \*

Esther Viúdez \*\*

Sergio Rodríguez \*\*\*

## CLARINETES

Vicente López \*

Víctor Lardiés \*\*\*

## FAGOTES

Juan Carlos Otero \*

Manuel Veiga \*\*

## TROMPAS

Alfredo Varela \*

Xavier Ramón \*\*

Jordi Ortega \*

## TROMPETAS

Ramón Llåtser \*\*

Javier Simó \*

Pablo Martínez \*\*\*

## TIMBAL

José Vicente Faus \*

## PERCUSIÓN

Sergio Sanchís (R)

## ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

## CELESTA

Haruna Takebe (R)

\*principal | \*\*coprincipal | \*\*\*EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

## BIOGRAFÍAS

### Sebastian Zinca

#### Director

Sebastian Zinca foi elixido director asistente da Real Filharmonía de Galicia para o ano 2024, no que traballará en estreita colaboración co director titular Baldur Brönnimann.

Recentemente, tras a súa participación na Academia do Festival de Lucerna no verán de 2023, foi convidado de novo a dirixir un obradoiro e un concerto coa Orquestra da Academia nos veráns de 2024 e 2025. Recibiu tamén a medalla de prata no Terceiro Concurso Internacional de Dirección Antal Doráti en Budapest, e a bolsa Joan W. Harris no Festival de Música de Aspen. Como director asistente traballou con Mark Wigglesworth no Teatro Real de Madrid na produción de Barrie Kosky de *O Nariz* de Shostakovich, e con Nicholas Collon e a Orquestra Sinfónica da Radio Finlandesa.

Especialmente apaixonado pola ópera, Zinca dirixiu producións de *Suor Angelica* de Puccini, *L'Amico Fritz* de Mascagni, *O Diario de Ana Frank* de Frid e *Alcina* de Haendel, esta última interpretada

con instrumentos de época. En 2022 foi un dos catro directores mozos de todo o mundo elixidos para dirixir un acto de *La Bohème* en concerto coa Orquestra Filarmónica de Gran Canaria, e na Academia Europea de Música de Teplice recibiu o Premio do Presidente polo seu traballo en *Così fan tutte*.

Ademais, dirixiu a Orquestra da Ópera Cómica de Berlín, a Academia de Cámara de Potsdam, a Orquestra Sinfónica da Radio Finlandesa, a Filharmonía de Helsinki, a Tapiola Sinfonietta de Espoo (Finlandia), a PKF - Filharmonía de Praga, o Teatro Estatal de Cottbus, a Sinfónica de Lahti, a Filharmonía de Magdeburg, a Orquestra Sinfónica de Oulu e a Orquestra de Cámara de Ostrobotnia.

A Zinca gústalle atopar formas creativas de presentar a música clásica ao público. Mentres vivía en Nova York, reuniu unha orquestra de estudantes e antigos alumnos de Juilliard e Yale. O concerto final da orquestra incluíu varias estreas mundiais, unha colaboración co mozo virtuoso do jazz Vuyo Sotashe, unha sinfonía de Mendelssohn, e culminou cunha presentación a gran escala

do himno do movementos polos dereitos civís *We Shall Overcome*, arranxada por Zinca para orquestra, cantante, trobador e coro de todo o público. Ademais, mentres vivía en Helsinki, Zinca organizou un popular evento mensual de micrófono aberto que incluía actuacións de música clásica entre as doutros moitos xéneros, e durante a súa estancia no Festival de Lucerna organizou unha actuación ao aire libre da Sinfonía núm. 40 de Mozart con estudantes da Academia do Festival.

Zinca completou os estudos de dirección na Academia Sibelius como alumno de Sakari Oramo, así como un curso de estudos avanzados na Universidade das Artes de Berlín como alumno de Harry Curtis. Na Academia Sibelius recibiu clases adicionais de Jorma Panula, Johannes Schlaefli, Nicolás Pasquet, Susanna Mälkki, Hannu Lintu e Péter Eötvös.

Zinca é natural de Miami (Florida) e fillo de pai romanés e nai peruana. Antes de dirixir, estudou contrabaixo na Juilliard School. Como músico de orquestra actuou con varios dos principais

mestres do mundo no Carnegie Hall, o Suntory Hall, o Royal Albert Hall, o Conservatorio de Moscova e o Teatro Mariinsky. En 2017 interpretou un programa de música conmemorativa do Holocausto en Auschwitz e ademais ofreceu máis de 40 concertos en hospitais, residencias de anciáns e refuxios para persoas sen fogar.

## BIOGRAFÍAS

### Judith Jáuregui Pianista

Aplaudida como artista de refinamento expresivo, pulsación luminosa e gran personalidade, Judith Jáuregui é unha das pianistas máis cativadoras do momento. A revista inglesa *International Piano* describiuna recentemente como a “intuición creativa”, “unha artista imaxinativa, unha intérprete sorprendentemente individual, que impresiona pola madurez da súa expresión”. Así mesmo, en palabras do medio alemán *Piano News*, “non é só o impecable da súa interpretación a que conta, senón a impresión de escoitar unha pianista que verdadeiramente ten algo que dicir”.

Nada en San Sebastián, estivo unida a diversas culturas desde a súa infancia: de nai vasca e pai mexicano de nacemento e francés de adopción, Judith iniciouse na música na súa cidade natal para despois finalizar os seus estudos en Múnic, Alemaña, baixo a tutela do mestre ruso Vadim Suchanov.

Nas últimas tempadas foi recibida con entusiasmo en salas de referencia como o Auditorio Nacional

de Madrid, o Palau da Música de Barcelona, o Southbank Centre de Londres, Auditorio Louvre de París, o Konzerthaus de Berlín, Suntory Hall de Tokio, NCPA Pequín, o Festival de Piano de La Roque-d’Anthéron, o Festival Radio France de Montpellier en Francia, Schloss Elmau, Murten Classics ou Klosters Music.

Colaborou recentemente con formacións como a Britten Sinfonia, Neubrandenburger Philharmonie, PFK Prague Philharmonia, Dás Neue Orchester Köln, Aarhus Symphony Orchestra, Slovak Sinfonietta e a Orquesta Simón Bolívar de Venezuela, ademais das principais orquestras españolas como a Orquesta Nacional de España, a Euskadiko Orkestra, a Orquesta Sinfónica de Castilla y León, a Orquesta de Córdoba, a Orquesta de la Región de Murcia ou a Orquesta Sinfónica de Bilbao tendo a oportunidade de traballar, entre outros, con directores como Andrey Boreyko, Marc Soustrot, Víctor Pablo Pérez, Günter Neuhold, Diego Matheuz, Erik Nielsen, Jaime Martín, Jan Willem de Vriend, Claus Efland, Virginia Martínez e Kaspar Zehnder.

Artista involucrada na música de cámara, as súas últimas alianzas son, xunto ao violinista Jesús Reina, os cuartetos de corda Signum Quartett e Quartet Gerhard, e a chelista Nadège Rochat.

Entre os compromisos das últimas tempadas destacan as colaboracións coa Orquesta Sinfónica de Radiotelevisión Española, a Euskadiko Orkestra e a Hradec Králové Philharmonie. Ademais, Judith participou en recitais como o Ciclo de Grandes Pianistas Teatro Mayor de Bogotá, o Piano(s) Festival de Lille, o Festival Piano Classique de Biarritz en Francia e o Festival Palermo Classica en Italia. Tamén actuou en grandes salas españolas como o Auditorio de Zaragoza, o Teatro Victoria Eugenia de San Sebastián e o Auditorio Nacional de Madrid, entre outras.

O seu último álbum ‘Die romantische Seele’ (Ars Produktion - 2020) con música de Robert e Clara Schumann foi recibido con entusiasmo en medios musicais europeos, como mostra a revista musical *Audio Klassik* que afirma que “Jáuregui descobre na brillantez que cega a súa interpretación tamén unha melancolía profundamente arraigada, que

aparece unha e outra vez neste álbum. En resumo, a pianista identifícase aquí como a alma xemelga de Schumann: a cultura máis refinada no ataque, combinada con elegancia e delicadeza”.

A súa discografía anterior reflicte o seu amplo repertorio: desde o mesmo Schumann, a quen dedicou o seu primeiro álbum editado en 2010 e foi galardoado como Mellor Álbum de Clásica nos Premios da Música Independente, a outros autores como, Liszt, Chopin, Falla, Mompou, Albéniz, Szymanowski ou Scriabin. Cómpre resaltar o álbum ‘Pour Ile tombeau de Claude Debussy’ (Ars Produktion - 2019), gravado en directo desde un concerto íntimo en Viena e que foi nomeado aos Premios Opus Klassik 2020 dentro da categoría Gravación en Vivo do ano tras a ovación da crítica, que encomiou a interpretación da pianista definíndoa como “soberanía pianística”, “poesía que brilla con luz propia”.

## NOTAS AO PROGRAMA

Esta noite asistimos a un novo concerto de *Migracións*, a temporada da Real Filharmonía de Galicia. Nesta ocasión teremos a oportunidade de escoitar repertorio de tres compositores españois que emigraron a outros países europeos para formarse: Inés Badalo, Manuel de Falla e Juan Crisóstomo de Arriaga. A pesar do título xeral do programa, 'Territorios da entropía', que podería presupoñer unha certa idea de caos ou desorde se tomamos en conta o concepto físico, a proposta vains propiciar un variado pero organizado percorrido pola música española dos séculos XIX, XX e XXI en estrita orde cronolóxica (inversa).

A primeira obra do concerto é *Entropía* de Inés Badalo (1989). Formada entre Badajoz e Lisboa nas especialidades de guitarra e composición, conta no seu haber con numerosos premios de composición como o Concurso Internacional de Composición 'Manuel de Falla' (2016), o Premio Francisco Guerrero Marín-Jóvenes Compositores da Fundación SGAE /CNDM (2017), o Premio de Composição Sociedade Portuguesa de Autores / Antena 2 (2017) —precisamente coa obra que escoitaremos—, o Premio Internacional de Composición Fernando Lopes-Graça (2017), o Premio FIDAPA Concorso Internazionale di Composizione Città de Udine (2018), a Convocatoria para Jóvenes Compositores de Plural Ensemble (2018) ou o Premio de Composición do Colegio de España en París-INAEM (Francia/España). Así

mesmo, o pasado ano foi seleccionada para representar a Portugal na Tribuna Internacional de Compositores da UNESCO nos Países Baixos. *Entropía* foi composta en 2017 e estreada o 7 de outubro dese mesmo ano pola orquestra Gulbekian dirixida por Nuno Coelho no Gran Auditorio da Fundação Calouste Gulbekian de Lisboa. En España interpretouse por primeira vez no Marco do Festival de Música Actual da Sociedade Filharmónica de Badaxoz o 29 de novembro de 2018. O primeiro aspecto que sobresaia na obra é o emprego de técnicas estendidas na instrumentación, é dicir maneiras non convencionais de interpretación (por exemplo as cordas pasan o arco entre ponte e cordal e tamén sobre a ponte ou percuten coa palma da man; a arpa tócase con plectro ou tarxeta) que dificultan nalgúns momentos recoñecer cal é realmente a fonte sonora. Así mesmo, ao longo dela vanse creando masas sonoras que se modifican internamente como estruturas dúctiles e maleables mediante a chamada modulación tímbrica (modificación progresiva da fonte sonora) que permite trasladarnos dunha pasaxe a outra. Por último, en canto á cuestión da aleatoriedade, nalgúns momentos é só aparente, mentres que noutros moi puntuais é real, xa que certos instrumentos teñen liberdade para escoller dentro dalgún parámetro como a altura ou a duración. A autora resume a idea xeral deste traballo como "un caos ordenado, una ilusión pensada para crear na súa superficie a imaxe



dunha intensa sensación de desorde e aleatoriedade, en realidade froito dunha estrita orde latente no seu interior, a modo de tantos procesos presentes na natureza ou no propio mecanismo do cosmos”.

Seguidamente, trasladarémonos ao universo máxico de *Noches en los jardines de España* do que de maneira indiscutible é o compositor español máis importante de tódolos tempos: Manuel de Falla (1876-1946). Nado en Cádiz, morreu en Altagracia (Arxentina) a onde emigrou ao comezar a ditadura franquista, coa que estaba en total desacordo (de maneira paradoxal o réxime apropiouse da súa figura polo seu prestixio internacional como tamén fixo con outros artistas). Entre 1907 e 1914 formouse en París, pero o estalido da I Guerra Mundial obrigouno a retornar a España. Na capital francesa, centro artístico efervescente naqueles anos, trabou importantes amizades con autores como Debussy, Ravel ou Dukas que o influíron de maneira decisiva. O seu catálogo é moi variado en canto a xéneros, destacando especialmente as *Sete cancións populares españolas*, os ballets *El amor brujo* e *El sombrero de tres picos*, o *Concerto para clavecín*, o *Retablo de Maese Pedro* e por suposto, *Noches en los jardines de España*. Composta entre 1911 e 1915 durante os seus anos en París, foi rematada durante unha estancia en Sitges na vila do pintor catalán Santiago Rusiñol. A súa estrea tivo lugar o 9 de abril de 1916 no Teatro Real a cargo da Orquesta

Sinfónica de Madrid dirixida por Enrique Fernández Arbós con José Cubiles ao piano (aínda que a idea inicial era que fora estreada por Ricardo Viñes, pianista e amigo de Falla, a quen estaba dedicada a obra). Nun principio, ían ser tres nocturnos para piano só pero logo, animado polo propio Viñes e Albeniz, Falla converteu a obra nunha especie de concerto para piano e orquestra. A nivel estilístico mestura distintas influencias: o folclore do mundo xitano —no tratamento rítmico ou as escalas empregadas—, a exquisitez do impresionismo francés —sobre todo na orquestración que nos recorda a obras como *La mer* e *Pelleas et Melisande* de Debussy ou *Jeux d'eau* de Ravel—, e en menor medida, pode apreciarse tamén a pegada de autores como Wagner (cunha cita do *Tristán e Isolda*) ou Liszt. O compositor deixaba ben claro nas notas ao programa da estrea cales eran as súas intencións: “Se estas impresións sinfónicas lograron o seu obxecto, a mera enumeración dos seus títulos debe constituír unha guía suficiente para o oínte. Aínda que nesta obra o fin para o cal foi escrito non é outro que evocar o recordo de lugares, sensacións e sentimentos. Os temas empregados baséanse nos ritmos, modos, cadencias e figuras que distinguen a música popular de Andalucía, aínda que de cando en cando están usados nas súas formas orixinais. A orquestración emprega frecuentemente, e de maneira convencional, certos efectos peculiares dos instrumentos que se utilizan

## NOTAS AO PROGRAMA

nesta rexión de España. A música non ten ningunha pretensión de ser descritiva, é meramente expresiva. Pero algo máis que os son dos festivais e danzas inspirou estas evocacións do son”. En canto á estrutura, divídese en tres movementos: ‘En el Generalife’ (*Allegro tranquilo e misterioso*), ‘Danza lejana’ (*Allegro giusto*) e ‘En los jardines de la Sierra de Córdoba’ (*Vivo*). O título do primeiro remítenos á residencia dos reis nazaritas en Granada cos seus impresionantes xardíns con terrazas que se insiren nas proximidades da Alhambra (curiosamente, cando o autor gaditano comezou a escribir as *Noches* nunca estivera na Alhambra e algúns expertos na súa figura sinalan que puideron ser dúas as súas fontes de inspiración: *Jardins d’Espanya* do pintor Santiago Rusiñol (1903) e *Granada (Guía emocional)* da escritora María Lejárraga, amiga e colaborador de Falla). O primeiro tema deste movemento, exposto pola orquestra e repetido despois polo piano empregando toda a extensión do instrumento, sitúanos nun clima nocturno. Logo, ao fondo, aparece un segundo motivo que se acaba imponente cun gran *crescendo* creado por uns acordes nos metais. O movemento péchase en *pianissimo*. ‘Danza lejana’ (*Allegro giusto*) tamén recrea unha atmosfera nocturna. Trátase dunha especie de coreografía soñada na que destacan ritmicamente os contrastes moi marcados das danzas e o xogo dos instrumentos de vento. Por último, ‘En los jardines de

la Sierra de Córdoba’ (*Vivo*), encadeado co anterior, presenta unha estrutura de rondó. O retrouso ou ‘estribillo’ —tema que aparece de maneira recorrente— recorda a *Sevilla* de Albéniz e presenta unha orquestración brillante (destaca o emprego de triángulo e *platillos*). Trátase dunha especie de homenaxe ás zambras, festas típicas dos xitanos con danzas e cantes moi similares ás antigas dos moriscos, o que denota o gusto e admiración por esta cultura tamén presente noutros autores coetáneos como Lorca (pensemos no *Romancero Gitano*). Na parte central do movemento (*Allegro moderato*) hai un imponente solo de piano en oitavas que é anunciado previamente polas trompas. A obra remata con tranquilidade case extinguíndose ao silencio. A parte do solista, que semella ter un carácter improvisado, supón un auténtico desafío interpretativo pola dificultade de facer destacar ao piano, que en moitos momentos xoga en pé de igualdade con certos instrumentos da orquestra, e tamén polas problemáticas técnicas debidas en parte ao tratamento “guitarrístico” e “percusivo” que se fai del.

A última obra do programa é a *Sinfonía en re menor* de Juan Crisóstomo de Arriaga (1806-1826), popularmente coñecido como o “Mozart español” por bastantes paralelismos nas traxectorias dos dous autores. Naceu en Bilbao e morreu de tuberculose poucos días antes de cumprir os 20 anos en París, a onde se trasladara

en 1821 para estudar na École Royal de Musique et Déclamation (no prestixioso conservatorio da cidade foi alumno de violín de Baillot e de contrapunto e fuga de Fétis). A súa prematura morte interrompeu un futuro prometedor do considerado o máis importante músico español do s. XIX. Foi un auténtico neno prodixio e con só 13 anos estreou a súa ópera *Los esclavos felices* que obtivo un grande éxito na súa cidade natal. Aínda que o máis coñecido da súa produción son os cuartetos de corda, a *Sinfonía en re menor* é unha das obras máis paradigmáticas e representativas do seu catálogo e sen dúbida a súa composición sinfónica máis importante. Crese que se compuxo arredor do ano 1824 e que non se interpretou de maneira pública ata 1888. A *Sinfonía*, que para algúns autores presenta concordancias ou similitudes coa cuarta, *Tráxica*, de Schubert, divídese nos catro movementos característicos do xénero á altura do século XIX: *Adagio-Allegro Vivace*; *Andante*; *Minuetto* e *Allegro con moto final*. O primeiro, bastante amplo, comeza cunha introdución na que vento e corda dialogan e que dá paso ao *Allegro* coa estrutura habitual de sonata: exposición (con dous temas, A e B); desenvolvemento, onde se mesturan algúns dos temas xa escoitados con material novo; e recapitulación. O movemento remata nunha *stretta* a la italiana que recorda ao mundo operístico de Rossini. O segundo movemento, *Andante*, caracterízase por un fluído diálogo entre

corda e distintos solos nas madeiras e presenta dous temas líricos diferenciados. Seguidamente, o terceiro movemento, *Minuetto*, divídese na estrutura tripartita habitual —A (*Minuetto*), B (*Trio*) e A (*Minuetto*)— e é bastante breve. No *Minuetto* destacan as imitacións e no trio o carácter pastoral que aportan as madeiras. O cuarto movemento, *Allegro con moto final*, é o máis coñecido e presenta unha forma de *Rondó-Sonata*. Esta estrutura, posta de moda a finais do s. XVIII, combina as tres partes da sonata (exposición-desenvolvemento e recapitulación) coa recorrencia dun tema ou retroso típica do rondó, dando lugar a un modelo que poderíamos resumir como: exposición (ABA), desenvolvemento (C) e recapitulación (ABA). O tema principal, A, é dunha gran beleza e B recorda a unha danza. Este movemento comparte certas similitudes co primeiro en canto ao seu carácter apaixonado e no feito de que, aínda que está escrito en re menor, remata no modo Maior como comezaba a introdución daquel, o que lle confire ao conxunto da sinfonía unha gran coherencia estrutural a nivel harmónico.

Pasado e presente da composición española danse a man neste concerto que demostra o altísimo nivel acadado e non sempre recoñecido da música feita dentro das nosas fronteiras.

**CARME TUBÍO BARREIRA**

---

## AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n  
15705 Santiago de Compostela

## DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

## OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

---

[rfgalicia.org](http://rfgalicia.org)

[compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

---

## INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

## FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

## TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

---

# PRÓXIMO CONCERTO

## ondas de inspiración (EN)FOCO

**VENRES 8 MARZO**

Auditorio de Galicia, 20:30 h

**Johanna Malangré**, directora

- Jacobo Gaspar: De Mar a Mar  
Encarga RFG · Estrea absoluta
- Igor Stravinski: Danses Concertantes
- Robert Schumann: Sinfonía núm. 2 en Do Maior, op. 61

\* Coa participación do alumnado da EAEM